



## **NOTA ACLARATORIA**

A base sexta da Resolución do 25 de xaneiro de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4 (ED104B) establece o seguinte: “...o secretario xeral de Política Lingüística ditará unha resolución definitiva que incluírá unha listaxe coas persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión, e unha listaxe coas persoas en espera, de ser o caso, para cada curso e localidade”

Por outra banda, na base oitava, “Asistencia” da devandita resolución determínase: “... Se durante os os dous primeiros días do curso se dan de baixa, ou non asisten as persoas inscritas nel, deberán ofrecérselles as prazas, por orde, ás persoas solicitantes que figuren na lista de espera ata completar, se é posible, o número de prazas ofertadas. Para estes efectos, ao terceiro día do curso, o profesorado deberalle remitir ao gabinete provincial de normalización lingüística, por correo electrónico, a listaxe definitiva de asistentes.

Á vista do anterior, faise a seguinte aclaración:

1 Todas as persoas admitidas en cada curso terán dereito a asistir se este acada o número mínimo de participantes. No caso de que o curso se suspendese por non acadar o número mínimo, as persoas admitidas poderán solicitar, ante o gabinete de normalización lingüística da provincia que corresponda, asistir a calquera outro curso noutra localidade na que haxa praza.

2 As persoas que figuran na listaxe de fóra de prazo poderán ser admitidas no curso solicitado sempre que, unha vez esgotada a listaxe de espera, queden prazas vacantes.